

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE MARZO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de marzo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 29 de febreiro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

- Juan Manuel Alvarellos Campos

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 17 de outubro de 2022, concedeuse á Dona SUSANA LÓPEZ GUERRA, con DNI núm. ██████████, licenza municipal para

AMPLIACIÓN DE CEBADEIRO DE PORCINO E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Mesón de Augalevada, parroquia de Carboentes, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. ██████████, do 16/06/22 e anexos de datas 10/10/22 e 13/10/22), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral.

2. Con data 6 de outubro de 2023 (RE-E núm. 585) a interesada solicita a modificación da licenza concedida, achegando modificado de proxecto e anexos (visado colexial núm. ██████████, do 30/08/23, e anexos de datas 20/12/23 e 01/03/24), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral.
3. A Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado en data 23 de febreiro do corrente, declarou a eficacia da comunicación previa de cambio de titularidade da licenza a favor de Don JUAN MANUEL ALVARELLOS CAMPOS, con DNI núm ██████████ e con domicilio en Lalín. Continúase en consecuencia a tramitación do expediente co novo titular como interesado.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. No que non contradiga o presente acordo, considéranse vixentes e de plena aplicación os fundamentos xurídicos e o acordo correspondente á licenza orixinal concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de outubro de 2022.
2. As modificacións proxectadas consisten en variar lixeiramente a localización da fosa de xurro e construír unha fosa tipo balsa para os xurros da explotación, realizada mediante unha lámina de polietileno de alta densidade dotada dunha cuberta, no canto da fosa de formigón armado proxectada inicialmente.
3. A capacidade máxima da explotación queda fixada en 998 porcos (119,76 UGM).

4. O contido urbanístico do proxecto modificado presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	SUSANA LÓPEZ GUERRA
Inscripción no Rexistro da Propiedade	████████████████████████████████████████
Ref ^o catastral da parcela	36047A123003060000LX
Superficie da parcela	9.124 m ²
Uso autorizado	Ampliación de explotación de porcino
Superficie ocupada en planta	Explotación existente: 589,00 m ² Ampliación: 834,01 m ²

5. A modificación da actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
6. Porén, por Resolución de data 5 de outubro de 2023 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra, declárase a non procedencia de formulación de declaración de incidencia ambiental (DIA), por non considerarse modificación substancial (expediente núm. ██████████), tendo plena validez a DIA emitida no expediente ██████████
7. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
8. Consta no expediente o preceptivo informe favorable emitido con data 8 de setembro de 2023 polo Servizo de Explotacións Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra.
9. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
10. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a

conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.

11. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Modificar parcialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 17 de outubro de 2022, de conformidade coas consideracións anteriormente expostas, manténdose a integridade do non modificado polo presente, así como as mesmas condicións especiais fixadas no acordo inicial de concesión da licenza, ademais da seguinte:

- a) Os cerramentos, vigas e alicerces da balsa de xurro proxectada que resulten visibles dende o exterior deberán pintarse de cor branca.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 8 de maio de 2023 (RE-E núm. 292), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	FRANCISCO JAVIER RAMOS DÍAZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	SUBSTITUCIÓN DUN APOIO NA LIÑA DE ALTA TENSIÓN LAT 66 KV CHANTADA-LALÍN
---------	-------------------------------------------------------------------------

LUGAR	FAFIÁN
PARROQUIA	FAFIÁN
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A089000290000PO
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Proxecto técnico redactado pola enxeñeira industrial Dona María Isabel López Ferrer, en data 25/09/23 – visado [REDACTED])
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	18.773,83 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 01/03/24)
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 06/11/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSCG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRESCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (375,47 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

4.- DESIGNACIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 (LIÑA 3)

De conformidade co establecido nas Bases quintas dos procesos selectivos, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 21 de febreiro do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunais Cualificadores dos procesos selectivos para a contratación laboral temporal de postos de traballo financiados pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2024 (Liña3), ás seguintes persoas:

Tribunal I (postos de traballo de educador/a social e mestre/a en educación infantil)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar.

Inés Vence Lamas, mestra do PAI.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

Tribunal II (postos de traballo de peón/a de servizos diversos)

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico.
José Antonio Arias Deza, operario de servizos diversos.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

5.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona María Olga Jorge Areán (RE núm. 276, do 06/03/24), e a proposta de resolución emitida con data 07/03/24 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA OLGA JORGE AREÁN, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Farán, parroquia de Arnego.

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María del Rocío Morais Vila, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de accidente de traballo, con data 26 de febreiro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo

municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora María del Rocío Morais Vila.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- EXENCIÓN DE ABONO DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO 2024”

En atención ás circunstancias que concorren na menor veciña do Concello [REDACTED], e de conformidade co

informe emitido ao efecto pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez en data 06/03/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e en aplicación do previsto no artigo 5º, apartado 6 da Ordenanza do prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas (BOP núm. 194, do 07/10/10), acorda conceder unha exención total no abono do prezo público pola participación no programa “*Concilia en período lectivo 2024*”, a favor de dita menor, polos motivos expostos no informe-proposta emitido e namentres se manteña a actual situación de vulnerabilidade da súa unidade familiar.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FARO DE VIGO S.A. 326,70 €
Por publicidade institucional do Concello nas festas de San Vicente de Rodeiro, s/factura núm. 2024F0000121 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 335,33 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 24A/251 e 24A/253 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 148,83 € E 528,06 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA78Y0001534 e TA78Y0001535 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-C4DD-054444 e 28-C4DD-094136 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 74,82 € E 0,96 € E 220,49 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz nos meses de xaneiro e febreiro de 2024, s/facturas núm. 4003911329, 4003923709 e 4003928007 (FACe).

- MAPFRE ESPAÑA S.A. 1.326,07 €
Por seguro do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 75202419900020002498 (FACe).
- OCCIDENT GCO S.A. 730,55 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/recibo.
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 36,95 €, 36,95 € E 36,95 €
Por taxas de ITV de vehículos municipais, s/facturas núm. 362424FC0000698, 362424FC0000707 e 362424FC0000708.
- XUNTA DE GALICIA 89,43 € E 47,87 €
Por autoliquidacións de taxas de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargos.
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 1.512,50 €, 1.815,00 €, 1.089,00 € E 1.875,50 €
Honorarios por redacción de anteproxectos e proxectos de obras incluídas en diversas convocatorias de subvencións, s/facturas núm. 2024/18, 2024/19, 2024/20 e 2024/21.
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.250,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2024*” no mes de febreiro de 2024, s/factura núm. 0024/0000006 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.505,75 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de febreiro de 2024, s/factura núm. A/20 (FACe).
- ODAIKO KREA S.L. 4.186,60 €
Por instalación de carpa, plataforma e actuación musical no Entroido 2024, s/factura núm. 034 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.217,74 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041261423 (FACe).

- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 443,84 €

Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura
núm. 000000093 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)